

Información da mesa de negociación do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. 30-3-2009

Negociación do Convenio para todo o persoal do Consorcio

O xerente inicia a reunión informando que, baseándose nun informe da secretaría xeral da vicepresidencia, o convenio non será ratificado polo comité directivo. En consecuencia, soamente se poderá asinar unha acta que recolle como anexo o texto do convenio.

A CIG amosou a súa indignación pola negativa do Consorcio a ratificar o convenio no comité directivo. Ao mesmo tempo, a presentación deste informe parécenos unha escusa, cando, mesmamente, conclúe que a paralización da negociación responde a motivacións políticas e non legais por ser un goberno en funcións.

Unha vez máis, o Consorcio cede así ás presións ás que o someteu o

PP desde que gañaron as eleccións e non ten coraxe suficiente para asinar un convenio por estar en funcións.

O texto do convenio, que a CIG está en disposición de asinar o día 3 de abril, reproduce e mellora nalgún aspecto o actual convenio do persoal laboral fixo da Xunta de Galiza, agás no aspecto retributivo que fixa un prazo que remata en decembro de 2011 para a total equiparación co persoal laboral da Xunta. Na medida en que sería contrario a dereito fixar subidas salariais para exercicios económicos máis alá do 2009, propuxemos que o texto do convenio recollera, polo menos, unha cláusula que amosara a vontade de chegar á total equiparación co persoal laboral da Xunta

antes de decembro do 2011. Única maneira que temos de condicionar ao futuro goberno.

Nos diferentes apartados, agás a fixación dunha xornada de verán e a supresión da xornada máxima anual e outras de menor importancia, aceptaron as nosas propostas. (Achégase texto final)

En conclusión, imos asinar un texto de convenio que o actual Comité directivo no está disposto a referendar por estar o goberno en funcións. Quédanos conseguir, polo tanto, que o próximo goberno asuma o negociado e poidamos así dotarnos dun convenio propio.

Oposicións ao Consorcio

Comprometéronse a que, como moi tarde, o martes, día 7 de abril, estarán designadas todas as comisións de valoración de todas as probas e constituiranse todas, agás as que dependan das alcaldías do PP para nomear algún membro.

Continúan negándose a realizar as probas naqueles centros que xa teñen constituído os tribunais porque, como xa

coñecedes, alegan que ou se realizan todas ou ningunha, cuestión que, neste momento, é imposible polo boicot dos alcaldes do PP ao non nomear o representante do concello que lles corresponde. A falta de valentía política supón, na práctica, asumir a ex-torsión antidemocrática do PP.

